

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
CELEBRADA O DÍA 09 DE FEBREIRO DE 2012.**

Na Casa do Concello de Silleda, sendo as **TRECE HORAS E QUINCE MINUTOS** do día **NOVE DE FEBREIRO DE DOUS MIL DOCE**, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa **D<sup>o</sup>. PAULA FERNANDEZ PENA**, reúnese a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria, de primeira convocatoria, coa asistencia dos tenentes de Alcalde **D<sup>o</sup> MANUEL CUIÑA FERNANDEZ e D<sup>o</sup> MATÍAS RODRÍGUEZ DA TORRE** e os concelleiros **D<sup>o</sup> ANTONIO COUSO ÁLVAREZ e D<sup>o</sup> KLAUS BREY MONTAÑA** a Interventora Municipal **DONA ISABEL PERNAS SANCHEZ** e da Secretaria da Corporación **DONA CRISTINA ALONSO LOSADA**, que suscribe e da fe.

A Sra. Alcaldesa declara aberta a sesión que se desenvolve conforme á Orde do Día seguinte:

- 1<sup>o</sup>.- **APROBACIÓN ACTA ANTERIOR: ACTA 02-02-12.-**
- 2<sup>o</sup>.- **DAR CONTA DECRETOS AVOCACIÓN DE COMPETENCIAS.-**
- 3<sup>o</sup>.- **DENUNCIAS SEPRONA SOBRE VEHÍCULOS ABANDONADOS: matric 8757BHT, matric OR0685M.-**
- 4<sup>o</sup>.- **INTERVENCIÓN: DEVOLUCIÓN AVAL COESCO (PROGRAMA CASCARÓN).-**

- 1<sup>o</sup>.- **APROBACIÓN ACTA ANTERIOR: ACTA 02-02-12.-**

Preséntase para aprobación esta acta:

- Acta da Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada o 02 de febreiro de 2012.

A Sra. Alcaldesa dí que se aproba por unanimidade dos presentes, sin haber observacións nin opinións en contra por parte de ningún dos membros presentes.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda:

Aprobar a acta da Xunta de Goberno Local que se detalla:



- Acta da Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada o 02 de febreiro de 2012.

(Se incorpora á sesión a Interventora e o concelleiro Antonio Couso Álvarez).

**2º.- DAR CONTA DECRETOS AVOCACIÓN DE COMPETENCIAS.-**

Pola Sra. Alcaldesa-Presidenta dase conta dos seguintes Decretos

**2.1.- “DECRETO DA ALCALDÍA**

*Vista a solicitude presentada por D<sup>a</sup> María José Suárez Gómez, con DNI nº 76.817.885-R, Rexistro de Entrada nº 509 de data 03 de febreiro de 2012, en representación da ASOCIACIÓN DE VECIÑOS SAN MIGUEL DE OLEIROS, para que se proceda á inscrición da mencionada asociación no Rexistro Municipal de Asociacións sin ánimo de lucro.*

*Visto que presentáronse xuntamente a solicitude e os documentos requeridos no artigo 236 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen Xurídico das Corporacións Locais*

*Esta Alcaldía-Presidenta, RESOL VE:*

- 1º.- *Avocar-la competencia previamente delegada na Xunta de Goberno Local, por resolución da alcaldía de data 04 de xullo de 2011.*
- 2º.- *Proceder a inscrición no Rexistro Municipal de Asociacións do concello de Silleda da ASOCIACIÓN DE VECIÑOS SAN MIGUEL DE OLEIROS.*

*Silleda, a 07 de febreiro de 2012*

*A ALCALDESA-PRESIDENTA*

*Asdo. Paula Fernández Pena*

*A Xunta de Goberno Local queda enterada.*

**2.2.- “DECRETO**

*A SECRETARIA*

*(Art. 2 R.D. 1174/1987, do 14 de setembro)*

*Asdo. Cristina Alonso Lasaola*



*DONA PAULA FERNÁNDEZ PENA, Alcaldesa do Concello de Silleda, en virtude das atribucións que me confire o Artigo 21.f da Lei 7/1985 de 2 de Abril. Reguladora das bases do Réxime Local,*

*Vista a Resolución do 4 de Xaneiro de 2012 da Secretaría Xeral de Igualdade (DOG de 11 de Xaneiro de 2012) pola que se convocan para o ano 2012 as axudas e subvencións a entidades locais para a promoción da igualdade cofinanciadas polo Fondo Social Europeo(FSE)*

*RESOLVE:*

*1º.- Avoca-la competencia, previamente delegada na Xunta de Goberno Local, por Decreto de data 4 de Xullo de 2011 para o caso específico que nos ocupa, de conformidade co artigo 14 da Lei 30/92 de Réxime Xurídico e Procedemento Administrativo Común, a causa da inconveniencia de demorala a súa aprobación ata unha próxima sesión da Xunta de Goberno Local.*

*2º.- Solicitar da Secretaría Xeral da Igualdade, unha subvención para o programa de apoio aos centros de información ás mulleres, na actuación denominada Incentivos ao emprego estable no CIM para o desempeño dos postos de dirección, asesoramento xurídico e asesoramento psicolóxico, cun orzamento total de 37.813,82 Euros.*

*3º Designar a Carmen Miranda Posse, que ocupa o posto de Directora/asesora xurídica do CIM para as funcións de coordinación e comunicación coa Secretaría Xeral de Igualdade.*

*4º.- Financiar o custo das accións obxecto de axuda que non resulte financiado pola Secretaría Xeral da Igualdade para a súa completa realización.*

*5º.- Dar traslado da presente resolución á Intervención, Xunta de Goberno Local e ó pleno da Corporación na próxima sesión que se celebre.*

*Silleda, a 07 de febreiro de 2012*

*A Alcaldesa-Presidenta*

*Paula Fernández Pena*

*A Xunta de Goberno Local queda enterada.*

**2.3.- "DECRETO**

*Dou fe, A Secretaría Xeral  
(Art. 2 R.D. 1174/1987, do 14 de setembro)  
Cristina Alonso Losada"*



*DONA PAULA FERNÁNDEZ PENA, Alcaldesa do Concello de Silleda, en virtude das atribucións que me confire o Artigo 21.f da Lei 7/1985 de 2 de Abril. Reguladora das bases do Réxime Local,*

*Vista a Resolución do 4 de Xaneiro de 2012 da Secretaría Xeral de Igualdade (DOG dell de Xaneiro de 2012) pola que se convocan para o ano 2012 as axudas e subvencións a entidades locais para a promoción da igualdade cofinanciadas polo Fondo Social Europeo(FSE)*

**RESOLVE:**

*1º.- Avoca-la competencia, previamente delegada na Xunta de Goberno Local, por Decreto de data 4 de Xullo de 2011 para o caso específico que nos ocupa, de conformidade co artigo 14 da Lei 30/92 de Réxime Xurídico e Procedemento Administrativo Común, a causa da inconveniencia de demorala a súa aprobación ata unha próxima sesión da Xunta de Goberno Local.*

*2º.- Solicitar da Secretaría Xeral Xeral da Igualdade, axudas do programa de promoción da igualdade e de prevención e tratamento integral da violencia de xénero:*

**-AREA DE IGUALDADE**

<i>Actuación</i>	<i>Orzamento</i>	<i>Importe solicitado</i>
<i>Actividades dirixidas á poboación para favorecer a coeducación</i>	<i>3.000 €</i>	<i>2.400 €</i>

**-AREA DE PREVENCIÓN EE TRATAMENTO DA VIOLENCIA DE XÉNERO**

<i>Actuación</i>	<i>Orzamento</i>	<i>Importe solicitado</i>
<i>Prevención, sensibilización e concienciación sobre a violencia de xénero na sociedade</i>	<i>4.000 €</i>	<i>3.200 €</i>

*3º Designar a Carmen Miranda Posse, que ocupa o posto de Directora/asesora xurídica do CIM para as funcións de coordinación e comunicación coa Secretaría Xeral de Igualdade.*

*4º.- Financiar o custo das accións obxecto de axuda que non resulte financiado pola Secretaría Xeral da Igualdade para a súa completa realización.*

*5º.- Dar traslado da presente resolución á Intervención, Xunta de Goberno Local e*





*ó Pleno da Corporación na próxima sesión que se celebre.*

*Silleda, a 07 de febreiro de 2012*

*A Alcaldesa-Presidenta  
Paula Fernández Pena*

*Dou fe, A Secretaria Xeral  
(Art. 2 R.D. 1174/1987, do 14 de setembro)  
Cristina Alonso Losada*

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

#### **2.4.- "DECRETO"**

*DONA PAULA FERNÁNDEZ PENA, Alcaldesa do Concello de Silleda, en virtude das atribucións que me confire o Artigo 21.f da Lei 7/1985 de 2 de Abril. Reguladora das bases do Réxime Local,*

*Vista a Orde do 30 de decembro de 2011 da Consellería de Traballo e Benestar (DOG 11 de Xaneiro de 2012) pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a realización de actividades de información, orientación e busca de emprego.*

#### **RESOLVE:**

*1º.- Avoca-la competencia, previamente delegada na Xunta de Goberno Local, por Decreto de data 4 de Xullo de 2011 para o caso específico que nos ocupa, de conformidade co artigo 14 da Lei 30/92 de Réxime Xurídico e Procedemento Administrativo Común, a causa da inconveniencia de demorala a súa aprobación ata unha próxima sesión da Xunta de Goberno Local.*

*2º.- Solicitar unha subvención para a contratación dun/dunha Oriendador/a Laboral, cun orzamento total de 30.688,29 €, polo importe total do orzamento, para realización de actividades de información, orientación e busca de emprego, ao abeiro da referida Orde de 30 de decembro de 2011.*


*3º.- Dar traslado da presente resolución á Intervención, Xunta de Goberno Local e ó Pleno da Corporación na próxima sesión que se celebre.*

*Silleda, a 07 de febreiro de 2012*

*A Alcaldesa-Presidenta  
Paula Fernández Pena*

*Dou fe, A Secretaria Xeral  
(Art. 2 R.D. 1174/1987, do 14 de setembro)  
Cristina Alonso Losada*

A Xunta de Goberno Local queda enterada.



## 2.5.- "DECRETO

*DONA PAULA FERNÁNDEZ PENA, Alcaldesa do Concello de Silleda, en virtude das atribucións que me confire o Artigo 21.f da Lei 7/1985 de 2 de Abril. Reguladora das bases do Réxime Local,*

*Vista a Orde de 16 de Decembro de 2011 da Secretaría Xeral de Política lingüística (DOG de 4 de Xaneiro de 2012) pola que se establecen as bases para a concesión de subvencións a entidades locais de Galicia para a promoción do uso da lingua galega, e se procede a súa convocatoria*

**RESOLVE:**

*1º.- Avoca-Ia competencia, previamente delegada no Xunta de Goberno Local, por Decreto de data 4 de Xullo de 2011 para o caso específico que nos ocupa, de conformidade co artigo 14 da Lei 30;92 de Réxime Xurídico e Procedemento Administrativo Común, a causa da inconveniencia de demorala a súa aprobación ata unha próxima sesión da Xunta de Goberna Local.*

*2º.- Solicitar unha subvención para a realización do proxecto de desenvolvemento de dinamización lingüística do Concello de Silleda, cun orzamento total de 13.000 €, polo importe total do orzamento , para a promoción do uso da lingua galega ao abeiro da Orde de 16 de Decembro de 2011 da Secretaría Xeral de Política lingüística (DOG de 4 de Xaneiro de 2012) pola que se establecen as bases para concesión de subvencións a entidades locais de Galicia para a promoción do uso da lingua galega, e se procede a súa convocatoria, na modalidade 4, a saber, "Desenvolvemento de dinamización lingüística dunha entidade local carente de servizo lingüístico" así como a aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na referida convocatoria.*

*3º.- Dar traslado da presente resolución á Intervención, Xunta de Goberno Local e ó Pleno da Corporación na próxima sesión que se celebre.*

*Silleda, a 2 de febreiro de 2012*

*A Alcaldesa-Presidenta*

*Paula Fernández Pena*

*A Xunta de Goberno Local queda enterada.*

2.6.- "DECRETO

*Dou fe, A Secretaria Xeral  
(Art. 2 R.D. 1174/1987, do 14 de setembro)  
Cristina Alonso L...*



*DONA PAULA FERNÁNDEZ PENA, Alcaldesa do Concello de Silleda, en virtude das atribucións que me confire o Artigo 21.f da Lei 7/1985 de 2 de Abril, Reguladora das bases do Réxime Local,*

*Vista a Orde de 23 de Decembro de 2011 pola que se anuncian axudas económicas destinadas a subvencionar a realización de infraestructuras de uso público en ámbitos urbanos e rurais, por parte dos concellos de Galicia" (DOG 5 de Xaneiro de 2012)*

**RESOLVE:**

*1º.- Avoca-la competencia, previamente delegada na Xunta de Goberno Local, por Decreto de data 4 de Xullo de 2011 para o caso específico que nos ocupa, de conformidade co artigo 14 da Lei 30/92 de Réxime Xurídico e Procedemento Administrativo Común, a causa da inconveniencia de demorala a súa aprobación ata unha próxima sesión da Xunta de Goberno Local.*

*2º.- Acordar realizar o investimento denominado **MELLORA EN ESPACIOS INFANTÍS DE SILLEDA: PARQUE DE BANDEIRA**, cun orzamento total de 49.867,80 € (L.V.E incluído).*

*3º.- Solicitar para a súa realización unha subvención polo 80% da cantidade total arriba reflexada, e decir, 39.894,24 € ao abeiro da Orde de 23 de Decembro de 2011 pola que se anuncian axudas económicas destinadas a subvencionar a realización de infraestructuras de uso público en ámbitos urbanos e rurais, por parte dos concellos de Galicia ", así como a aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na referida orde.*

*4º.- Dar traslado da presente resolución á Intervención, Xunta de Goberno Local e ó Pleno da Corporación na próxima sesión que se celebre.*

*Silleda, a 3 de febreiro de 2012*

*A Alcaldesa-Presidenta*

*Paula Fernández Pena*

*Dou fe, A Secretaria Xeral  
(Art. 2 R.D. 1174/1987, do 14 de setembro)  
Cristina Alonso Losada"*

*A Xunta de Goberno Local queda enterada.*

**2.7.- "DECRETO**

**CESE DE MEMBRO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL E NOMEAMENTO DE  
MEMBRO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**



(secr xer/cal)

Por decreto de Alcaldía de 4 de xullo de 2011 foron nomeados membros da Xunta de Goberno Local os seguintes concelleiros :

- Manuel Cuiña Fernández .
- Margarita Campos Espiño.
- Antonio Couso Álvarez.
- Matías Rodríguez da Torre.

En aplicación do regulado no artigo 23 da Lei 7/1985, 2 de abril, de bases de réximen local, artigo 65 da Lei 5/1997, 22 de xullo, Administración local de Galicia , artigo 46 do RDLex 781/1986 Texto refundido de disposicións legais vigentes en materia de réximen local e artigo 52 e seguintes do R.D. 2568/1986, 28 de novembro, regulamento de organización, funcionamento e réximen xurídico das entidades locais, visto o regulamento orgánico municipal, esta Alcaldía resolve :

- 1º) Cesar á concelleira Margarita Campos Espiño como membro da Xunta de Goberno Local (decreto de nomeamento como membro deste órgano de 04-07-11)
- 2º) Nomear ó concelleiro Klaus Brey Montaña membro da Xunta de Goberno Local

Como consecuencia, a Xunta de Goberno Local do Concello de Silleda pasa a estar composta polos seguintes concelleiros :

- Manuel Cuiña Fernández (decreto de nomeamento de 04-07-11).
- Antonio Couso Álvarez (decreto de nomeamento de 04-07-11).
- Matías Rodríguez da Torre (decreto de nomeamento de 04-07-11).
- Klaus Brey Montaña.

Este Decreto será efectivo dende o día seguinte á firma (art.52 e 46 ROF).

Dése cuenta ó Pleno na primeira sesión que celebre.

Notifíquese ós interesados.

Publíquese, en cumprimento do disposto no artigo 46 do R.D. 2568/1986, regulamento de organización e funcionamento das entidades locais (ROF).

Silleda, a 7 de febreiro de 2012

A Alcaldesa


Paula Fernández Pena

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

Dou fe, A Secretaria Xeral

Cristina Alonso Losada

3º.- DENUNCIAS SEPRONA SOBRE VEHÍCULOS





**ABANDONADOS: matric 8757BHT, matric OR0685M.-**

**3.1.- Denuncia SEPRONA. Vehículo abandonado matrícula 8757BHT**

Vista a Acta-denuncia/inspección nº 2012-101219-00000008, remitida pola Patrulla do Seprona de Lalín, Rexistro de Entrada nº 421, de data 30 de xaneiro de 2012, por abandono de vehículo constituindo un residuo.

Vista a proposta da Alcaldía de 7 de febreiro de 2012 e segundo o seu contido e a citada acta do SEPRONA a Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldía (decreto 04-07-11) por unanimidade dos presentes acorda:

Vista a denuncia da Patrulla do Servizo de Protección da Natureza (Seprona) da Compañía da Garda Civil de Lalín, Rexistro de Entrada nº 421 de data 30 de xaneiro de 2012, contra José Manuel Quero García, na que se da conta dun turismo abandonado, marca Seat e modelo Inca, branco, con matrícula 8757BHT, no Polígono Industrial Área 33 de Silleda.

Visto que o Concello de Silleda figura na citada denuncia como organismo competente ao que se remite a acta da denuncia.

A Xunta de Goberno Local, acorda:

Dar traslado á empresa denunciada da citada acta do Seprona, informándolles que se non se producira a retirada do vehículo depositado nun prazo de 15 días, contado a partir da correspondente notificación, poderían enfrontarse a unha sanción administrativa tipificada como grave ou moi grave na Ordenanza municipal de convivencia de residuos, limpeza viaria o ornato do Concello de Silleda, coas correspondentes sancións económicas.

**3.2.- Denuncia SEPRONA. Vehículo abandonado matrícula OR0685M**

Vista a Acta-denuncia/inspección nº 2011-101219-00000169, remitida pola Patrulla do Seprona de Lalín, Rexistro de Entrada nº 5617, de data 26 de decembro de 2011, por abandono de vehículo constituindo un residuo.

Vista a proposta da Alcaldía de 7 de febreiro de 2012 e segundo o seu contido e a citada acta do SEPRONA a Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldía (decreto 04-07-11) por unanimidade dos presentes acorda:

Vista a denuncia da Patrulla do Servizo de Protección da Natureza (Seprona) da Compañía da Garda Civil de Lalín, Rexistro de Entrada nº 5617 de data 26 de decembro de 2011, contra Manuel Enriquez Collazo, na que se da conta dun turismo



abandonado, marca Ford e modelo Escort con matrícula OR-0685-M, en Penadauga (Silleda).

Visto que o Concello de Silleda figura na citada denuncia como organismo competente ao que se remite a acta da denuncia.

A Xunta de Goberno Local, acorda:

Dar traslado á empresa denunciada da citada acta do Seprona, informándolles que se non se producira a retirada do vehículo depositado nun prazo de 15 días, contado a partir da correspondente notificación, poderían enfrontarse a unha sanción administrativa tipificada como grave ou moi grave na Ordenanza municipal de convivencia de residuos, limpeza viaria o ornato do Concello de Silleda, coas correspondentes sancións económicas.

**4º.- INTERVENCIÓN: DEVOLUCIÓN AVAL COESCO (PROGRAMA CASCARÓN).**

Dase conta da solicitude presentada por Dº José Manuel Garrido Couceiro, en representación de COESCO, S.L., Rexistro de Entrada nº 4337 de data 10 de outubro de 2011 solicitando a devolución do aval, por importe de 2.725,00 €, presentado como garantía definitiva no contrato "Programa Cascarón Curso Escolar 2010-2011".

A Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldesa (decreto 04-07-11) por unanimidade dos presentes, acorda que por parte de Tesorería se proceda a la devolución deste aval.

**ASUNTOS FORA DA ORDE DO DÍA:**

Segundo o establecido nos artigos 82, 83, 91.4º e 113 do RD 2568/86 R.O.F. por unanimidade dos membros presentes, a Xunta de Goberno Local acorda tratar na sesión por motivo de urxencia os seguintes asuntos non incluídos na orde do día, que declaran urxentes:

**1.- Escrito da Deputación Provincial de Pontevedra.**

Polo Concelleiro de Obras e Servizos Manuel Cuiña Fernández dase conta do escrito de 31-01-12 asinado polo Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra en relación a creación dun consorcio para prestar o servizo de recollida de lixo.

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito e por unanimidade dos presentes acordar estudar esta proposta.

## 2.- Escrito remitido á Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural.

Polo Concelleiro Manuel Cuiña Fernández dase conta de que mediante escrito asinado por él como Concelleiro de Obras e Servizos (con Rexistro de Saida do nº 254, de data 31 de xaneiro de 2012), remítese a Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural relación de camiños incluídos no Plan Estratéxico de Infraestruturas no Medio Rural (PEIM) 2010, para mellora e acondicionamento dos mesmos, sendo os seguintes:

OS CHAOS - CORTEGADA
RIOBÓ
MAZARELOS - VILAR
CONDAO - CIRA
SANTE - LARO
CASAS DO MONTE - SILLEDA
O BARRO - PARADA
BREIXA
CHAPA - IGREXA
LAMELA
CUIÑA - PIÑEIRO
MARGARIDE
SACHOCOS
COVAS - ABADES
A PENA - ANSEMIL
CORTEGADA

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito.

## 3.- Escrito da Subdirección Xeral de Gestión de Ayudas, Subvencións e Projectos do Ministerio de Fomento.



Polo Concelleiro de Cultura, Turismo, Educación e Participación Cidadá, Matías Rodríguez da Torre dase conta de que pola Subdirección General de Gestión de Ayudas, Subvenciones y Proyectos do Ministerio de Fomento remítese escrito de 16-01-12 (Rexistro de Entrada nº 268, de data 20 de xaneiro de 2012), comunicando que na documentación de solicitude de axuda remitida para “Musealización do Mosteiro de Carboeiro en Silleda, Pontevedra”, non se inclúe o proxecto de execución nin se xustifica a documentación da declaración do BIC nin a propiedade pública nin existe posibilidade dentro dos Programas do 1% Cultural, polo que esta solicitude non poderá ser elevada para estudo e valoración pola Comisión Mixta, Ministerio de Fomento-Ministerio de Cultura para súa inclusión nas axudas do 1% Cultural.

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito.

#### 4.- Escrito da Consellería do Medio Rural

Pola Alcaldesa e o Concelleiro de Medio Rural e Medio Ambiente, Antonio Couso Álvarez, dase conta do escrito asinado pola Alcaldesa en relación á Solicitude de participación no convenio de colaboración entre a Concellería do Medio Rural e o Concello de Silleda, para a participación na prevención de incendios forestais mediante a realización de tratamentos preventivos en vías, camiños e outras superficies forestais de titularidade municipal, no que consta que a porcentaxe máxima a subvencionar neste convenio será do 100% do investimento, cun importe máximo de cento trinta euros por hectárea limpa (130 €/ha), acordándose por parte do Concello realizar un total de 230 Ha.

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito.

---

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Sra. Presidenta levántase a sesión as catorce horas e vinte minutos, extendéndose a presente acta, do que como secretaria xeral, dou fe e certifico.

Silleda, a 09 de febreiro de 2012.



Doña Prace  
A ALCALDESA,

Asdo. Paula Fernández Pena



Doña A secretaria xeral,

Asdo. Cristina Alonso Losada